

Texto: **XULIO GUTIÉRREZ**

Ilustracións: **NICOLÁS FERNÁNDEZ**

32 páxinas en color. Encadernado en cartón.

Colección Animais Extraordinarios. 24x34 cm.

Dispoñible en:

-Galego: "Nacer". ISBN 978-84-8464-693-8

-Castelán: "Nacer". ISBN 978-84-96388-27-7

-Portugués: "Nascer". ISBN 978-989-8205-15-5

Prezo: 17 €

NACER

Animais extraordinarios

• "LOS + 2009" (Fundación Germán Sánchez Ruipérez)

"Nacer" é o segundo volume da colección Animais Extraordinarios. Neste libro descríbese a forma asombrosa en que se reproducen e coidan as súas crías doce especies de animais. No volume anterior, "Bocas", explícase con detalle e rigor o modo peculiar no que algunhas especies obteñen o seu alimento.

Noutros libros desta colección mostraranse as construcións máis sofisticadas do reino animal, as migracións máis espectaculares e as insólitas estratexias que algúns seres vivos utilizan para pasaren desapercibidos.

Un libro instrutivo, ameno, ben estruturado e de gran atractivo visual, que comeza situando o lector ante os diversos grupos de reino animal, con exemplos de cada un. Por terra, mar e aire, de norte a sur, por todos os continentes, selecciona unha serie de animais e ofrece un volume de información ben dosificada sobre as súas características, localización e costumes, centrándose na súa forma de chegar ao mundo, isto é, de nacer.

«Uns son vivíparos e outros ovíparos. Uns teñen moitos fillos, dos que se desentenden e poucos sobreviven, mentres que outros teñen pouca descendencia á que coidan con esmero durante moito tempo. Existen multitude de estratexias reprodutivas pero, ao cabo, todas consisten en situar os fillos nunhas condicións axeitadas para que poidan sobrevivir por eles mesmos».


Esta obra, recomendada non só para o eido escolar, senón para todos os lectores interesados no medio ambiente, abríralles as portas ao fascinante mundo dos animais. A serie Animais Extraordinarios tamén inclúe os libros titulados "Bocas" e "Construtores".

XULIO GUTIÉRREZ

É profesor do IES de Pobra do Caramiñal (A Coruña). Pertence á Sociedade Galega de Educación Ambiental, creada en 2001 para aglutinar o traballo de profesionais de diversos sectores comprometidos coa educación ambiental. É autor de máis de 20 libros sobre natureza e numerosos artigos en revistas especializadas.

NICOLÁS FERNÁNDEZ

Ilustrador de natureza autodidacta afincado na Coruña. A maior parte dos seus traballos son acuarelas e bosqueños de fauna e flora, especialmente aves. Publicou dous libros como autor: "Guía de campo de la Comunidad Valenciana" e "Espacios Naturales de la Comunidad Valenciana". Tamén traballou como ilustrador para distintas publicacións, enciclopedias, organismos oficiais, libros, xornais e revistas. A súa obra expúxose en salas de toda España. Compaxina o seu traballo como ilustrador co deseño gráfico e multimedia, actualmente nunha empresa de xestión ambiental.



- **Temática:** libro de animais e natureza
- **Idade recomendada:** dende 7 anos
- **Aspectos destacables:** dos autores de "Bocas" e "Construtores"; ilustracións artísticas de gran realismo; textos asequibles para todas as idades; descrición de cada animal, información da súa vida, hábitat e estado de conservación; inclúe anexo final con fichas de cada un e glosario
- **Especies:** elefante africano, bonobo, arroz, canguro vermello, cuco, pingüín emperador, ra, cabaliño de mar, anguía, bolboreta da seda, abella, esponxa de mar